

Resumo do curso *As migracións nas sociedades contemporáneas. Os desafíos na Galicia actual.*

Celebrouse en Caldas de Reis do 9 ao 13 de xullo de 2007 financiado pola Secretaría Xeral de Emigración (Xunta de Galicia), organizado por Begoña Castro Martínez (Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Asociacionismo de Caldas de Reis) e polos profesores Xosé Manuel Cid Fernández (Decano da Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense), Xoán Carlos Domínguez Alberte (Asesor da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia) e Raúl Soutelo Vázquez (profesor asociado de Historia Contemporánea da U. de Vigo e asesor de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia), e coa colaboración dos departamentos de Servizos Sociais e Igualdade e de Cultura do Concello de Caldas de Reis que achegou a loxística e os técnicos para o evento no marco do festival Cultura Quente de longa andaina nesta vila pontevedresa.

Os obxectivos desta actividade eran achegar ás persoas interesadas (profesorado de ensino primario e secundario, estudantes universitarios, profesionais da educación e do traballo social, etc) unha perspectiva xeral e comparada das investigacións recentes sobre as migracións contemporáneas e as súas implicacións na sociedade galega actual. Pretendíase fomentar a competencia epistemolóxica e metodolóxica do profesorado para aplicar na súa práctica docente na aula as técnicas e métodos de investigación a microescala e de atención ao alumnado inmigrante partindo do respecto e interese pola identidade étnica e cultural das persoas inmigrantes, consonte aos principios da Educación para a Cidadanía da LOE. E, finalmente, propiciar o intercambio de experiencias que respondan ao desafío das migracións para a escola e para a sociedade galega actual.

As sesións de traballo comezaron o luns pola tarde, despois da inauguración oficial polas autoridades locais e o Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, coa conferencia de Antonio Izquierdo Escribano (Catedrático de Socioloxía da universidade da Coruña e Director da Escola Galega de Administración Pública) sobre a transición migratoria en Galicia e os desafíos que presenta o actual escenario migratorio. A segunda conferencia da tarde impartíuna Alejandro Vázquez González (Profesor Titular de Historia e Institucións Económicas da U. de Vigo) expondo unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa. De seguido, proxectouse o documental titulado *Emigrantes en terra de emigrantes* dirixido por Jorge Algora en 2001 e producido por Adivina Producciones, S.L., que ofrece, precisamente, unha síntese dos ciclos migratorios en Galicia dende o século pasado, describindo as experiencias persoais dos galegos que marcharon e retornaron e das persoas inmigrantes que se están establecendo agora na nosa terra.

A mañá do martes día 12 de xullo centrouse na análise de aspectos concretos da emigración galega a América. Blanca Domínguez Martínez (Profesora Titular de Historia e

Institucións Económicas da U. de Vigo) explicou os múltiples vencellos entre os niveis de alfabetización e de escolarización e a emigración en Galicia dende mediados do século XIX ata 1930. Xosé Manuel Núñez Seixas (Catedrático de Hª Contemporánea da U. de Santiago de Compostela) expuxo as características da inserción socioprofesional e dos itinerarios vitais dos inmigrantes galegos na Arxentina e en Cuba nese mesmo período. Xa pola tarde, Raúl Soutelo Vázquez desenvolveu un obradoiro sobre fontes, técnicas e métodos de investigación microhistórica sobre as migracións contemporáneas combinando a documentación de arquivos parroquiais e municipais coas fontes persoais (memoria oral, correspondencias familiares e fotos). A sesión rematou coa proxección dos documentais *Nuestras fiestas de allá e Galicia y Buenos Aires* realizados por José Gil en 1928 e 1931 para amosarlles aos emigrantes galegos as condicións de vida na Galiza que eles deixaran atrás e os froitos da colaboración entre as sociedades agrarias e as dos emigrados que foron quen de fundar e soste-lo máis de 400 escolas nas súas freguesías de orixe.

A sesión da mañá do mércores, 11 de xullo, centrouse nos roles desempeñados polas mulleres nos procesos migratorios contemporáneos. O profesor Ubaldo Martínez Veiga (Catedrático de Antropoloxía Social na U. Autónoma de Madrid), desenvolveu unha análise comparada do protagonismo feminino en diversos colectivos inmigrantes na España actual. María Xosé Rodríguez Galdo (Catedrática de Hª. Económica da USC) desenvolveu unha interpretación das consecuencias da mobilidade laboral para as mulleres galegas que participaron na mesma ou quedaron nas explotacións familiares traballando arreo. As profesoras Laura Oso Casas e María Villares do Dto. de Socioloxía da UDC describiron a situación laboral e os itinerarios sociais das mulleres galegas emigradas en Francia e Holanda na segunda metade do século XX.

Raquel Martínez Buján (profesora de Socioloxía da UDC) desenvolveu un obradoiro práctico na sesión da tarde, explicando as relacións entre os mercados laborais e os fluxos migratorios femininos partindo das traxectorias laborais das mulleres inmigrantes que atenden ás persoas maiores na fase inicial dos seus proxectos migratorios. Para rematar a sesión proxectouse o documental *Porriño en Buenos Aires* producido pola Cinematográfica Valle en 1929 para mostrar un día de festa dos emigrantes porriñeses na capital rioplatense a finais dos *felices anos vinte* do século pasado.

As persoas relatoras que interviñeron o xoves analizaron as interaccións entre educación e migracións dende unha perspectiva histórica e atendendo aos desafíos que presenta este binomio na sociedade galega actual. Así, Reyes Fernández González (profesora de Ciencias da Educación da U. de Vigo) expuxo o valor da educación para as persoas emigrantes no mundo contemporáneo, desenvolvendo unha perspectiva comparada dende o caso galego. Herminia Pernas Oroza (Doutora en Historia pola USC e Profesora de Ensino Secundario) explicou a xestión dos desafíos que presenta a atención ao alumnado inmigrante en Burela relatando as experiencias na aula dos profesorado do IES Monte Castelo desa localidade

mariñá. E os profesores Miguel Anxo Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo, da Facultade de Ciencias da Educación da USC), explicaron o proxecto de investigación e aplicación na aula que están realizando sobre a xestión pedagóxica da diversidade cultural que xera a actual inmigración na escola galega.

A sesión de tarde centrouse nas políticas sociais e de integración das persoas inmigrantes, cunha conferencia de Diego López De Lera (profesor titular de Socioloxía da UDC) sobre a tendencia das políticas de inmigración no estado español. De seguido Begoña Castro Martínez (Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Asociacionismo de Caldas de Reis) explicou a aplicación das políticas de acollida e integración das persoas estranxeiras e retornadas neste concello pontevedrés. E Graciela Vázquez Blanco (Mediadora Intercultural e presidenta da asociación PLURARES +=q#) analizou polo miúdo o desenvolvemento do Proxecto Vital para a integración sociocultural dos inmigrantes. A mesa redonda contou coa presenza de mulleres pertencentes aos colectivos inmigrantes asentados en Caldas de Reis e deu lugar a un enriquecedor debate coas persoas asistentes.

O derradeiro día do curso, venres 13 de xullo, centrouse na memoria literaria e cinematográfica da emigración galega. Xoán Carlos Domínguez Alberte (profesor de lingua galega e literatura en ensino secundario e asesor da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia) ofreceu unha suxestiva viaxe por esa produción literaria ateigada de viúvas, mucamas e ananos que conformaron unha imaxe tópica da nosa diáspora. Despois, Manuel González (profesor de historia do cine e asesor da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia) ilustrou a súa conferencia sobre o cinema e a emigración coa proxección de imaxes escolleitas sobre a partida, a viaxe e o retorno dos emigrantes galegos.

O curso clausurouse coa conferencia da profesora Liliana Da Orden (Titular de Hª Contemporánea na U. de Mar de Plata e investigadora do CONICET arxentino) e coa presentación oficial dos Premios Máximo Sar de Memoria Autobiográfica polo Alcalde e a Concelleira de Igualdade e Servizos Sociais de Caldas. A profesora Da Orden expuxo as múltiples posibilidades de investigación que ofrecen as correspondencias e as fotos familiares dos emigrantes. Ilustrou a súa proposta coa análise de dous epistolarios escritos por mulleres viúvas, anciáns e pobres aos fillos emigrados en Arxentina, comparando o contido destas cartas coa produción epistolar de emigrantes irlandeses e italianos.

A avaliación do curso foi moi positiva, tanto polas persoas asistentes que salientaron coa máxima cualificación o nivel de coñecementos do profesorado, como por parte dos organizadores que quedaron moi satisfeitos da participación daqueles, da magnífica acollida dispensada polo Concello de Caldas de Reis e da perfecta organización loxística do persoal técnico dos departamentos implicados. Todos eles agradecen, tamén, a xenerosidade da Secretaría Xeral de Emigración ao financiar esta actividade e están traballando xa para publicar nun volume os relatorios correspondentes.